



2. O teatro na Antiga Roma

2.1. Orixes e xéneros



O teatro tivo bastante éxito en Roma desde os primeiros tempos da República, pero a súa aceptación popular foi a menos en beneficio doutro tipo de espectáculos públicos, como as carreiras de cuádrigas ou as pelexas de gladiadores, que foron sendo cada vez máis queridas para os romanos.

Á parte do xénero autóctono da farsa atelana (unha peza cómica breve baseada en personaxes fixos ó estilo da posterior

commedia dell'arte italiana), o teatro romano é totalmente debedor do grego, e tivo a súa época de máximo esplendor entre os s. III e II a. C. As formas teatrais cultivadas foron a comedia e a traxedia, aínda que se poden distinguir dous subxéneros en cada unha delas:

- *Fabula palliata*: comedia de ambiente grego
- *Fabula togata*: comedia de ambiente romano
- *Tragedia* ou *Fabula cothurnata*: traxedia de ambiente grego
- *Fabula praetexta*: traxedia de tema romano

As denominacións (no caso das *fabulae*) obedecen ó tipo de vestimenta que lucían os actores na escena: o *pallium* (unha especie de manto), a toga, ou a toga *praetexta* (unha toga que tiña no borde unha orla de cor vermella, propia da clase alta). Con moito, a de maior éxito no seu tempo, e tamén a mellor conservada, é a *fabula palliata*, a cal foi practicada polos dous principais autores teatrais romanos: Plauto e Terencio, dos cales estudaremos ó primeiro.

2.2. Plauto

Non temos case ningún dato persoal seguro sobre Plauto, nin sequer o seu nome: a tradición transmíteo como Tito Macio Plauto, e crese que viviu entre os anos 250-184 a. C. Está claro que, fose quen fose, é o autor responsable dunha serie de *palliatae* recopiladas no s. I a. C. polo historiador literario M. Terencio Varrón, de quen dependemos totalmente para o coñecemento deste cómico. Este



Varrón estudou un conxunto de obras que na súa época (na que aínda se representaban) eran atribuídas a Plauto, e estableceu como xenuínas 21, que son as que a tradición manuscrita medieval se ocupou de conservar.

Os trazos de estilo de Plauto son doados de establecer: un hábil dominio das situacións cómicas e uns diálogos cheos de bromas e xogos de palabras. O motivo cómico que máis manexa é o do equívoco, mais a habilidade de Plauto esténdese a máis situacións susceptibles de provocar a risa: en *Anfitrión* Xúpiter visita á mortal Alcmena suplantando ó seu esposo Anfitrión; *Os xemelgos* xoga coa presenza en escena dun ou doutro irmán para enganar ó resto de personaxes coa complicidade do público; en *Casina* dous homes porfían por conquistar á mesma rapaza; *Aulularia* e *Miles gloriosus* satirizan dous tipos sociais como o do avaro e o soldado fachendoso, respectivamente. Velaquí os argumentos de tres comedias plautinas:

-*Aulularia* (A comedia da oliña): O vello Euclión é un home avarento que atopa unha ola chea de moedas de ouro na súa casa. A partir dese momento, vive atormentado polo medo a que lle rouben o seu tesouro, volvéndose desconfiado e obsesivo. Mentres tanto, Licónides, un mozo da vila, namórase de Fedria, a filla de Euclión. Un día, durante unha festa, Licónides viola a Fedria. A situación complícase cando Megadoro, un home rico e solteiro, pide a man de Fedria a Euclión, quen acepta máis polo dote que pola felicidade da súa filla. Un escravo de Licónides, chamado Estróbilo, descobre o agocho da ola, róubaa e lévalla a Licónides, o que causa a desesperación de Euclión. Finalmente, Licónides confesa a Euclión que foi el quen violou a Fedria e, ao decatarse da angustia do vello pola perda da ola, devólvella. Euclión, agradecido, permítelle casar con Fedria e dálle a ola como dote.

-*Miles Gloriosus* (O soldado fachendoso): Pirgopolinices é un soldado presumido e egocéntrico que se cre irresistible para as mulleres. O seu escravo, Palestrión, intenta axudar o mozo Pleusicles a reunirse coa súa amada Filocomasia, que foi secuestrada por Pirgopolinices. A través dunha serie de enganos e intrigas intelixentes, ideados principalmente por Palestrión e a veciña Acroteleutia, fanlle crer a Pirgopolinices que varias mulleres están namoradas del. Finalmente, é descuberto nunha situación comprometida e é humillado e castigado.

-*Menaechmi* (Os xemelgos): A obra comeza cun prólogo que nos conta a historia de dous irmáns xemelgos, ambos chamados Menecmo. Cando eran nenos, un deles perdeuse durante unha viaxe e foi adoptado por un rico mercador de Siracusa, onde prosperou. O outro irmán, que vivía en Epidamno, cambiou o seu nome polo do seu irmán perdido en memoria del. A acción da comedia desenvólvese en Epidamno, onde vive este segundo Menecmo. Un día, o Menecmo de Siracusa chega á cidade na procura do seu irmán perdido, sen saber que este vive alí e ten exactamente o mesmo nome. A partir deste momento, desátase unha serie de equívocos e situacións cómicas debido á sorprendente semellanza física dos dous irmáns. As esposas, as amantes, os amigos e os escravos de ambos Menecmos confúndenlos constantemente, crendo tratar cunha persoa cando en realidade están interactuando coa outra. A confusión chega ao seu punto álxido cando os dous irmáns se atopan finalmente na mesma escena, provocando un caos total e a sorpresa de todos os personaxes. Finalmente, a identidade dos xemelgos é revelada, e os dous irmáns recoñécense, poñendo fin aos malentendidos e celebrando o seu reencontro.

Os personaxes de Plauto pertencen, polo xeral, á clase baixa da sociedade e non teñen unha individualidade moi definida nin unha psicoloxía determinada, senón que son tipos humanos que aparecen en moitas comedias, cun comportamento máis ou menos fixado, e movidos polos seus vicios ou defectos dun xeito tal que provocan risa. Entre estes personaxes cómpre salientar os seguintes:

- o mozo namorado: o seu amor por unha moza ou, moitas veces, por unha prostituta e a súa incapacidade para seducila e conquistala, desencadea a acción e os seus enredos.
- o escravo: astuto e mentireiro, trata de axudar o seu amo, o mozo namorado, nos seus propósitos amorosos; dirixe as intrigas e os enredos e, así, resulta ser o verdadeiro protagonista das comedias plautinas. Isto deu ocasión a especular sobre se a orixe social de Plauto fora precisamente a de escravo, pero como dicíamos ó principio, non é posible telo por certo; mais si que pode ser unha pista sobre o tipo de público que acudía ás representacións.
- o vello: pode ser un ancián bondadoso, que axuda o mozo a acadar o amor, ou ben un vello avarento e mesquiño que, cos seus desexos fóra de lugar (ás veces tenta rivalizar co mozo polo amor dunha muller), resulta finalmente ser obxecto de mofa.
- a moza: pode ser filla de boa familia ou, máis comunmente, unha prostitua; é o obxecto de amor do mozo e, polo xeral, correspóndelle con sinceridade.
- o soldado: fachendoso, farfallán e lingoreteiro, non deixa de falar, con esaxeración, das súas fazañas bélicas e das súas conquistas amorosas.

Unha mostra da pervivencia e validez da *vis comica* deste autor son as diferentes adaptacións que aínda hoxe se seguen a facer das súas obras, mesmo por parte de compañías profesionais de teatro. En 1962, o compositor e libretista estadounidense Stephen Sondheim (1930-) baseouse en varias comedias plautinas (maiormente *Pseudolus*, *Miles gloriosus* e *Mostellaria*), para o seu musical *A Funny Thing Happened On The Way To The Forum*. O seu éxito motivou, como en moitos outros casos, unha adaptación cinematográfica asinada por Richard Lester en 1966, estreada en España co título de *Golfus de Roma*, e que veremos a seguir.